

*Despois de case seis meses de participación na Coordinadora de Asembleas de Compostela, a Asemblea de Estudantes de Ciencias Políticas decidiu continuar co seu traballo desvinculada da mesma. Con este motivo presentou na Coordinadora o seguinte manifesto:*

Desde a Asemblea de Estudantes de Ciencias Políticas cremos que a Coordinadora de Asembleas non está a funcionar como é debido.

- Estase a traballar con exceso de inmediatismo. Non hai un plantexamento a longo ou medio prazo.
- Tentanse acadar todo á voz de xa, obviándose as consecuencias que as accións poden ter, ademais de utilizar métodos pouco ou nada eficaces para atraer á xente.
- Centrase exclusivamente no Plano Boloña, deixando ao marxen calquer outro aspecto académico ou universitario en xeral.

Ademais disto, consideramos que o funcionamento da Coordinadora non é axeitado polas seguintes razóns:

- Celebración de Coordinadoras sen cumprir o período ordinario de 2 semanas, impedindo así a reunión das asembleas entre as mesmas.
- A presenza de máis de 2 voceiros por asemblea, facendo que as Coordinadoras sexan exasperantes.
- Aprobáanse puntos concretos sen ser baixados ás asembleas.
- As comisións teñen plena potestade sobre certos puntos de actuación, sen pasar así polas asembleas.

Tamén consideramos que:

- As "assembleas" uni ou bi persoais non deberían ter dereito ao voto, posto que dende o noso punto de vista unha ou dúas persoas non son unha asemblea.

- A inmediatez de acción e as propias acción estamos restando capacidade de mobilización e de acción na nosa Facultade, ademais de tensión internas que isto produce na nosa Asemblea.
- Estamos a perder moito tempo e traballo sen que isto reporte ningún beneficio.
- Desde a Coordinadora non se está a pular por unha apertura ideolóxica, cousa que bate cos principios da nosa Asemblea. Ata en actos da Coordinadora chegaronse a insultar determinadas opción políticas das que persoas participantes na nosa Asemblea son membros ou simpatizantes.
- Boicot e falta de respecto á Asemblea de Políticas e ás súas actividades (de xeito sinalado no Curso sobre Asemblearismo), aos voceiros e voceiras ou fóra da propia Coordinadora.

Por todas estas razóns os “mencheviques” (como somos alcumados neste organismo) deciden deixar a Coordinadora.

Calquer persoa que se presente como voceiro da Asemblea de Estudantes de Ciencias Políticas non esta autorizada pola mesma, non ven en representación nosa nen ten ningún tipo de potestade no noso nome.

Así mesmo, solicitamos que todo o material da Asemblea de políticas que estea colgado no portal da Coordinadora sexa retirado.

Asemblea de Estudantes de Ciencias Políticas